

ACTA Nº 2017/3

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - CASA DO CONCELLO, XOVES 7 DE DECEMBRO DE 2017 –

No día de hoxe, ás 14:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

Manuel Fernandez Munin

ASISTEN:

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

Don Antonio González Barral

Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENCIAS:

Ninguén

SECRETARIA – INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Rexeitamento de alegacións presentadas por herdeiros de don A.I.P. (dona M.M.P.) contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 de setembro do 2017**
- 3. Arquivos de expedientes de limpeza/corta arboredo en leiras nos lugares de Casal (Rebordaos), Pumares (Sergude) e Lamas (Sergude)**
- 4. Inicio de expediente de responsabilidade patrimonial do concello por danos causados no cristal dunha vivenda**
- 5. Autorización de corta de dúas árbores na parcela con referencia catastral número 3687934NH4338N001HL, no lugar de O Requeixo-Lestedo**

6. Requirimento de limpeza de maleza e corta de arboredo en leiras do lugar de Deseiro - Sergude
7. Altas no servizo de abastecemento/saneamento
8. Modificación de recibos de auga do 2º e 3º trimestre 2017 a nome de don Severino Liñares Pequeno e reintegro ao mesmo de contía correspondente a un ingreso indebido
9. Inicio expediente de reposición de legalidade urbanística dun muro realizado na aldea de Loureda
10. Dar conta das altas e baixas no Servizo de Axuda no Fogar
11. Aboamento subvención destinada ó desenvolvemento do “Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”
12. Bonificación na taxa do lixo
13. Aprobación de facturas
14. Aboamento do terceiro pago á empresa Vueling en relación co intercambio con Ibiza
15. Inicio da contratación da obra “Camiño de Castenda á pista de aeroporto e outros”
16. Devolución de fianza
17. Xustificación da axuda concedida mediante convenio para a xestión do proxecto “Promoción conxunta Xenerais da Ulla 2017”
18. Renovación autorizacións de postos de venda ambulante da feira mercado de Lestedo.
19. Modificación de actuacións no Obradoiro de Emprego Boqueixón – Vedra 2017
20. Xustificación final da subvención da Motobomba, Consellería do Medio Rural
21. Xustificación final da subvención de Brigadas, Consellería do Medio Rural
22. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria de Xunta de Goberno que tivo lugar o día 23 de novembro do 2017.

2. Rexeitamento de alegacións presentadas por herdeiros de don A.I.P. (dona M.M.P.) contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 de setembro do 2017

Antecedentes

1.- Na xunta de goberno de data 6 de abril de 2017 acordouse requirir aos herdeiros de D. A.I. a que procedesen coa corta do arboredo (Piñeiro) existente en Santabaia - Vigo, por non gardar as distancias legais.

2.- Na xunta de goberno do 22 de xuño 2017 acordouse iniciar expediente de execución subsidiaria para proceder coa corta do arboredo existente na leira nº 435 de Santabaia - Vigo, e aprobar a correspondente memoria valorada por importe de 3.623,49 €.

Con data 19 de setembro de 2017, emítese informe técnico no cal se indica que se procedeu coa corta dos piñeiros pero existen outras árbores (eucaliptos e carballos) que non cumpren a normativa.

3.-Na xunta de goberno do 21 de setembro de 2017, acordouse requirir a don M.M.P. para a corta dos citados eucaliptos e carballos ata gardar as distancias de 30 e 15 metros respectivamente, respecto á edificación de don J.I.R.

4.- Con data 16/10/2017, don M.M.P. presenta un escrito no cal alega o seguinte:

- Que a notificación de requirimento de corta de arboredo (eucaliptos e carballos) refírese á mesma parcela na que existía a plantación dos piñeiros respecto da que xa se notificou un expediente para corta e se procedeu coa mesma.

- Que o informe técnico de 19 de xuño de 2017 fai referencia a que a parcela 435 está dedicada a piñeiral.

- Que a memoria presentada pola arquitecta municipal fai unha valoración económica da corta da plantación de piñeiros.

- Que as plantacións ás que agora se pretende ampliar a corta, teñen alomenos dez anos.

- Que a parcela está clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, polo que as distancias deben ser dez metros tal como se deduce no apartado b) do anexo II da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

SOLICITA, que se deixe sen efecto o requirimento de corta de eucaliptos e carballos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

PRIMEIRO.- O artigo 6 do Código Civil establece que a ignorancia das leis non escusa do seu cumprimento.

SEGUNDO.- O apartado 3 da Disposición transitoria décima da Lei 7/2012 de montes de Galicia, establece que “as repoboacións existentes á entrada en vigor desta lei teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor dela para adecuarse ás novas distancias”

A Lei 7/2012, entrou en vigor o 17 de agosto de 2012, polo que o prazo de dous anos tense amplamente superado.

TERCEIRO.- Informe técnico de dona María Carmen Novoa Sío, incluído na memoria valorada realizada pola mesma técnica na cal indica: 1) que no plano de clasificación (do PXOM) C-06, a parcela na que se localizan as árbores atópase clasificada como solo rústico, na categoría de especial protección forestal. 2) que o punto 1.d da disposición transitoria primeira da L.S.G establece que ao solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo; en consecuencia, resulta de aplicación o establecido na L.S.G para o Solo Rústico. A Lei 7/2012, de montes de Galicia, establece que as plantacións forestais deberán gardar as seguintes distancias con respecto ás edificacións, vivendas illadas, urbanizacións...: 30 metros os eucaliptos, 15 metros os carballos.

En canto a que o concello na notificación solo requiría a corta dos piñeiros foi debido a que , tal como se indica no informe de data 27 de marzo de 2017 asinado polo coordinador de obras e servizos, o monte estaba dedicado maioritariamente a piñeiral polo que na primeira visita de comprobación non se divisaban as restantes especies arbóreas, e ao proceder coa corta dos pinos foi cando se detectaron os eucaliptos e carballos que non gardan as distancias legais á edificación.

Por outro lado, a señora M. P. é coñecedora de que nos fundamentos xurídicos claramente se indica (con negriña e maiúsculas) que nos primeiros 30 metros non pode haber plantacións de piñeiros, mimosas , EUCALIPTOS e nos 15 primeiros de CARBALLOS. Tal se indicaba nas notificacións do 12/4/2017, 28/6/2017 e do 27/9/2017. A máis abundancia , na notificación do 28/6/2017 se transcribe o informe da técnica municipal no cal con total claridade se indican as distancias que deben gardar tanto as frondosas (carballos) como as demais especies (eucaliptos).

En consecuencia, a recorrente non pode alegar descoñecemento para non proceder coa corta dos eucaliptos e carballos pois si debería darse por enterada en base aos fundamentos legais e considerando que coñecía a existencia de tales especies arbóreas aínda que o concello na parte resolutiva do expediente se refira a piñeiros .

Por outro lado, tal como establece o código civil o descoñecemento non exime do cumprimento da lei, polo que con esta comunicación a recorrente debe proceder coa corta dos eucaliptos e carballos.

En canto a que a plantación leva máis de dez anos, débese ter en conta que a lei tal como se establece no fundamento xurídico II, daba un prazo de dous anos o cal venceu en agosto de 2014. Polo tanto deben adecuarse ás novas distancias.

En canto ao solo rústico de especial protección agropecuaria, o informe técnico sinala claramente que resulta de aplicación o establecido na L.S.G para o solo rústico que establece as distancias que deben gardar as plantacións forestais, que neste caso son 30 metros os eucaliptos e 15 metros os carballos.

Á vista de todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Rexeitar o alegación presentada por dona M.M.P o 16/10/2017 rexistro de entrada número 002290, contra o acordo adoptado pola xunta de goberno celebrada o 21 de setembro de 2017.

2º.-Requirirle para que no prazo de 15 días proceda coa corta dos eucaliptos ata gardar a distancia de 30 metros perimetrais respecto das edificacións de don J.I.R, e coa corta dos carballos ata gardar a distancia de 15 metros perimetrais respecto da mesma edificación.

3º.-Unha vez efectuada a corta, deberá proceder coa retirada da biomasa vexetal (polas das árbores, restos de madeira etc.)

4º.- En caso contrario o concello procederá coa realización de execución subsidiaria ou forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Arquivos de expedientes de limpeza/corta arboredo en leiras nos lugares de Casal (Rebordaos), Pumares (Sergude) e Lamas (Sergude)

A) Arquivo expediente de limpeza de maleza nas parcelas número 59 e 5003 do lugar de Casal - Rebordaos

Con data 5 de xullo do 2017 co número de entrada 1450/2017, don M.F.P. presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de finca que está preto da súa vivenda no lugar de Casal xxxxx, Rebordaos.

Manifesta que a citada finca está con abundante maleza e solicita a súa limpeza para evitar o risco de incendio

Aporta reportaxe fotográfica.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

Compróbase que son dúas parcelas, e non unha, as que rodean a vivenda de don M.F.P.

Parcelas número 59 e número 5003 , polígono 510, figurando como titular herdeiros de don J.L.R.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de xullo do 2017 acordouse requirir os propietarios das leiras número 59 e número 5003, polígono 510, herdeiros de don J.L.R, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia.

Figuran como herdeiros dona E.e dona L.S.L.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 2 de novembro do 2017 acordouse o inicio da execución subsidiaria de limpeza de maleza nas parcelas leiras número 59 e número 5003, polígono 510, herdeiros de don J.L.R.

Según informe do técnico municipal do 28 de novembro do 2017: *“Procedeuse **a realizar unha limpeza e roza completa das fincas nº 59 e 2003 sitas no polígono catastral número 510, no lugar de Casal - Rebordaos, parroquia de Oural, na franxa de 30 metros máis próxima ás vivendas e á delimitación do núcleo rural do Casal-Rebordaos.***

- *Xúntase reportaxe fotográfica da inspección realizada.*
- *O que se informa ós efectos oportunos.”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os titulares das parcelas número 59 e número 5003, polígono 510, herdeiros de don J.L.R, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza e roza.
- 2.Comunicar o acordo ós interesados.

B) Arquivo expediente de limpeza de maleza das leiras 226, 216, 215, 214, 213 e 212 do lugar de Pumares - Sergude

Antecedentes

Con data 30 de outubro do 2017 co número de entrada 2348/2017, don C.F.C. presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de maleza das parcelas que están preto da súa vivenda e de outras contiguas coa súa no lugar de Pumares – Sergude.

Manifesta que as parcelas con maleza son as 226, 216, 215, 214, 213 e 212 e que o promotor “Río Mao” non realizou a limpeza das mesmas.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, que a titularidade das parcelas número 226,216, 215, 214, 213 e 212, polígono 17, lugar de Pumares - Sergude con abundante maleza, figuran a nome de Inversiones Río Mao SL.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 16 de novembro do 2017 acordouse requirir o propietario das parcelas do lugar de Pumares – Sergude, números 226, 216, 215, 214, 213 e 212, sitas no polígono nº 17, Inversións Río Mao SL, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente nas citadas parcelas, ata gardar as distancias que se sinalan na lei; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselle trámite de audiencia.

Feita inspección técnica no lugar de Pumares - Sergude, con data 30 de novembro do 2017, compróbase “*que se procedeu coa limpeza de maleza das parcelas número 226, 216, 215, 214, 213 e 212, polígono nº 17.*

*Os terreos obxecto de limpeza están emprazados a carón dos peches de varias vivendas .
Non existe risco de incendio para a veciñanza .”*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra o titular das parcelas número 226,216, 215, 214, 213 e 212, polígono 17, lugar de Pumares - Sergude, Inversiones Río Mao SL, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza e roza.
- 2.Comunicar o acordo ós interesados.

C) Arquivo expediente de corta de arboredo en Lamas - Sergude

Con data 26 de setembro do 2017, no número de rexistro de entrada 2017/2166, dona D.B.B, presenta escrito no concello de Boqueixón, sinalando que preto da súa vivenda existe unha leira dedicada a monte (parcela nº 24, polígono 505) con arboredo a menos de 30 metros de distancia e que existe risco de incendio.

Solicita a súa corta de acordo coa normativa da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante arboredo, figurando como titulares da leira número 24, polígono 505, don D.A.R. e don R.M. e P.A.G.

Na Xunta de Goberno do 5 de outubro do 2017 acordouse requirir ós propietarios da parcela, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto da vivenda de dona D.B.B.

Déuselles trámite de audiencia.

Según informe do técnico municipal do 30 de novembro do 2017: “Feita inspección técnica no lugar de Lamas xxxxx - Sergude, compróbase que preto da vivenda de dona D.B.B. existe unha parcela (número 24, polígono 505) , “Coto”, dedicada a monte, na cal se procedeu coa corta de arboredo ata gardar a distancia de 30 metros respecto da vivenda de dona D.B.B.

Cúmrese co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os titulares da leira número 24, polígono 505, don D.A.R. e don R.M. e P.A.G. por proceder os mesmos cos traballos de corta de arboredo ata gardar as distancias sinaladas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia”
2. Comunicar o acordo ós interesados.

4. Inicio de expediente de responsabilidade patrimonial do concello por danos causados no cristal dunha vivenda

Con data 7 de setembro do 2017, co número de entrada 2020, recíbese escrito no concello de Boqueixón no cal don A.M.O, de Camporrapado – Boqueixón, sinala que o día 6 de setembro do 2017, un tractor municipal estaba a rozar unha masa común situada a carón da súa vivenda. Durante os traballos de roza saíu unha pedra despedida que impactou nun cristal da súa vivenda producindo a rotura da mesma.

Solicita a reparación da mesma.

Axunta reportaxe fotográfica e presuposto.

Con data 21 de novembro do 2017, o coordinador de obras e servizos do concello realiza o seguinte informe:

“O 6 de setembro de 2017, o tractor municipal estaba a realizar traballos de roza nunha masa común situada no lugar de Camporrapado – Oural, ao lado da vivenda de A.M.O. Durante os traballos de roza saíu unha pedra despedida pola desbrozadora, impactando nun cristal da vivenda propiedade de A.M.O, producindo a rotura da mesma.”

Con data 23 de novembro do 2017, número de rexistro de entrada 2535, don A.M.O. presenta factura (número 20170129) de aboamento de 74,97 € en concepto de “doble acristalamento 4-12-4mm. con barrotillo lacado verde. Medidas 950x330 mm instalado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 106.2 da Constitución Española sinala que “Os particulares, nos termos que establece a lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

2. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, capítulo VI, “Da tramitación simplificada do procedemento administrativo común”, sinala no seu artigo 96.1 que “Cando razóns de interese público ou falta de complexidade do procedemento así o aconsellen, as Administracións Públicas

poderán acordar, de oficio ou a solicitude do interesado, a tramitación simplificada do procedemento”.

3. O artigo 96.2 sinala que “Cando a Administración acorde de oficio a tramitación simplificada do procedemento deberá notificalo ós interesados. Si algún deles manifestara a súa oposición expresa , a Administración deberá seguir a tramitación ordinaria.”

Tendo en conta que o informe do coordinador de obras e servizos do concello, de data 21 de novembro do 2017, sinala que o tractor municipal realizando traballos de roza nunha masa común, situada no lugar de Camporrapado – Oural, ao lado da vivenda de A.M.O, durante os traballos de roza fixo saltar unha pedra que rompeu un cristal na citada vivenda, obsérvase a existencia dunha inequívoca relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano ocasionado:

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o procedemento simplificado de responsabilidade patrimonial por danos, por falta de complexidade do mesmo e admitir a inequívoca relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano causado a don A.M.O, no cristal da súa vivenda no lugar de Camporrapado – Oural.
2. Outorgarlle unha indemnización por importe de 74,97 € (IVE engadido), pola reposición do cristal da fiestra da súa vivenda.
3. Comunicarlle este acordo ao interesado para que poida efectuar as alegacións que estime pertinentes durante o prazo de cinco días.
4. Si neste prazo non se presentaran alegacións este acordo será definitivo e procederase co aboamento do citado importe.

5. Autorización de corta de dúas árbores na parcela con referencia catastral número 3687934NH4338N001HL,no lugar de O Requeixo-Lestedo

Antecedentes

Con data 22 de novembro do 2017, recíbese no concello con rexistro de entrada número 17/2528, un escrito presentado por don M.N.C. solicitando autorización para a corta de dúas árbores existente na finca da súa propiedade situada no lugar de Vilar, parcela “O Requeixo”, con referencia catastral número 3687934NH4338N001HL.
Xunto co escrito, acompaña a documentación acreditativa da titularidade.

Consideracións xurídicas

1º. A Lei 7/2012 de Montes de Galicia, no artigo 2 apartado 2, establece que non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) O solo urbano e o solo de núcleo rural.
- b) O solo urbanizable (“delimitado”).
- c) Os terreos de dominio público, agás os que integran o dominio público forestal.
- d) Os terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola.
- e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria.

2º. A Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no artigo 142.2 apartado i, establece que están suxeitos a licenza municipal “a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística”.

3º. Con data 23 de novembro do 2017, a técnica municipal emite informe referido aos datos catastrais e á clasificación urbanística da parcela:

“Quen asina, Dª. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación coa solicitude de autorización para a talla de dúas árbores, presentada por D. M.N.C. (RE nº 2528; 22.11.2017), emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. DATOS CATASTRAIS.

Segundo os datos achegados, a árbore localízase na seguinte finca:

<i>REFERENCIA CATASTRAL</i>	<i>SUPERFICIE</i>
<i>3687934NH4338n0001HL</i>	<i>4.996m²</i>



Datos catastrais non protexidos sobre ortofoto do PNA 2014.


Na imaxe anterior sinálanse as árbores que se pretende tallar, que se localizan no extremo sur da parcela.

2. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA.

1. O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015), ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG).

A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o regulamento da LSG (en diante,RLSG).

Segundo o plano CU-3 de ordenación do solo urbano de Vilar-Lestedo, o solo sobre o que se localiza a parcela de referencia atópase clasificado polo PXOM como **SOLO URBANO** e cualificado na categoría de **NON CONSOLIDADO** (P-L-1 e P-L-2).



*De acordo coa cartografía do PXOM e os datos catastrais dispoñibles, as vías que dan fronte á parcela son de titularidade municipal; e asemade, o predio localízase fóra de calquera zona de afección sectorial.
Infórmase ós efectos oportunos.”*

Á vista de todo o cal e tendo en conta, que a zona na que se sitúa a parcela está catalogada como solo urbano e consecuentemente non ten a consideración de monte ou terreo forestal, polo que corresponde ó concello a autorización para proceder coa corta, no seu caso.

Tendo en conta, que o predio localízase fóra de calquera zona de afección sectorial, non é necesaria a autorización doutra administración.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Autorizar a don M.N.C. á corta de dúas árbores existentes na parcela da súa propiedade sita en Vilar, parcela “O Requeixo”, con referencia catastral número 3687934NH4338N001HL, coas seguintes condicións:

- a) Deberá adoptar as medidas de seguridade pertinentes encamiñadas a evitar danos ás persoas e ós vehículos que circulen pola estrada vía municipal.
- b) Deberá deixar tanto á vía pública como á parcela en perfectas condicións e totalmente limpa.

2. A concesión desta autorización, non exime da obtención doutras autorizacións, que no seu caso sexan procedentes.

6. Requirimento de limpeza de maleza e corta de arboredo en leiras do lugar de Deseiro – Sergude

Con data 27 de outubro do 2017, co número de entrada 17/2342, dona M.F.A, con domicilio en Deseiro de Arriba – Sergude xxxxx, manifesta que un eucalipto de grandes dimensións que está preto da súa vivenda ameaza con caer enriba da mesma.

Solicita que o concello sexa testemuña do grave risco que representa para a integridade da casa e que obrigue a talar o mesmo.

Realizada visita ó lugar con data do 23 de novembro de 2017, compróbase que nas fincas lindeiras polo norte co camiño que da fronte á finca da denunciante existen plantacións forestais (de piñeiros e eucaliptos, fundamentalmente).

Ditas plantacións forestais non cumpren coas distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, con respecto ós núcleos rurais.

As fincas afectadas son: 9, 10, 11, 12, 13, 14 e 304 do polígono 18 do Catastro.

De todo elo dedúcese que o risco existente é o risco de incendio: a existencia de vivendas que están preto de parcelas dedicadas a monte , con maleza e con arboredo que non gardan as distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, figuran como titulares das leiras número 9,10,11,12,13,14 e 304 do polígono 18:

Leira número 9, polígono 18: R.G.M.

Leira número 10, polígono 18: J.T.D.

Leira número 11, polígono 18: M.M.B.

Leira número 12, polígono 18: C.S.R.

Leira número 13, polígono 18: Hrdos de J.D.G.

Leira número 14, polígono 18: Hrdos de N.L.M.

Leira número 304, polígono 18: Hrdos de N.L.M.

Con data 4 de decembro do 2017, dona M^a Carmen Novoa Sío, arquitecta do servizo técnico e urbanístico do concello en relación coa denuncia presentada por D^a. M.F.A. (RE nº2342; 27.10.2017), emite o seguinte informe técnico:

1. DATOS CATASTRAIS.

Segundo a información achegada, a finca da denunciante ten os seguintes datos catastrais:

<i>POLÍGONO</i>	<i>PARCELA</i>	<i>REFERENCIA CATASTRAL</i>	<i>SUPERFICIE</i>
<i>18</i>	<i>150</i>	<i>15012A018001500000EG</i>	<i>2.797m²</i>



Datos catastrais non protexidos sobre ortofoto do PNOA 2014.


Na imaxe anterior sinálase a árbore obxecto da denuncia.

2. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015), ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG).

A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o regulamento da LSG (en diante, RLSG).

*Segundo o plano de clasificación C-07 e o plano 12.13 de ordenación do núcleo rural da Susana, o solo sobre o que se localiza a parcela de referencia atópase clasificado polo PXOM como **SOLO DE NÚCLEO RURAL**, e cualificado na categoría de **COMÚN (grao 2)**.*





Detalle do plano de clasificación C-07 do PXOM.



Detalle do plano 12.13 de ordenación do núcleo rural da Gándara.

3. VISITA DE COMPROBACIÓN.

Realizada visita ó lugar con data do 23 de novembro de 2017, compróbase que nas fincas lindeiras polo norte co camiño que da fronte á finca da denunciante existen senllas plantacións forestais (de piñeiros e eucaliptos, fundamentalmente). Da visita realizada achégase a seguinte reportaxe fotográfica:





4. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS.

A lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que as plantacións forestais deberán gardar as seguintes distancias:

<i>Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado. Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural.</i>	<i>15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 30 metros no resto das especies.</i>
--	--



En cor vermello sinálase a delimitación do núcleo rural da Susana na zona máis próxima á finca da denunciante, e en cor verde sinálase a distancia de 30m que establece a Lei 7/2012 que deben gardar as plantacións forestais con respecto ós núcleos rurais delimitados, así como as fincas que non están a cumprir dita distancia.

Concretamente, as fincas afectadas son: 9, 10, 11, 12, 13,14 e 304 do polígono 18 do Catastro.

5. CONCLUSIÓNS.

Á vista da denuncia presentada, quen asina realizou visita ó lugar, comprobando a existencia de plantacións forestais que non cumpren coas distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, con respecto ós núcleos rurais.

Tal e como se indica no punto anterior, as fincas afectadas son: 9, 10, 11, 12, 13,14 e 304 do polígono 18 do Catastro.

Infórmase ós efectos oportunos.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal

nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

En canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I (Fronosas) deberán gardar unha distancia de 15 metros respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural e con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado.**

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir o propietario da leira número 9, polígono 18 , don R.G.M, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (50 metros perimetrais ao solo de núcleo rural) e corta de arboredo (30 metros piñeiros, eucaliptos,acacias... e calquera outra das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril e 15 metros carballos, castiñeiros.... frondosas, todas elas especies sinaladas na disposición final primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia) a contar desde o límite do solo do núcleo rural.
2. Requirir ó propietario da leira número 10, polígono 18 , don J.T.D, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (50 metros perimetrais ao solo de núcleo rural) e corta de arboredo (30 metros piñeiros, eucaliptos,acacias... e calquera outra das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril e 15 metros carballos, castiñeiros...., todas elas especies sinaladas na disposición final primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia) a contar desde o límite do solo do núcleo rural.
3. Requirir á propietaria da leira número 11, polígono 18 , dona M.M.B, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (50 metros perimetrais ao solo de núcleo rural) e corta de arboredo (30 metros piñeiros, eucaliptos,acacias... e calquera outra das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril e 15 metros carballos, castiñeiros....frondosas, todas elas especies sinaladas na disposición final primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia) a contar desde o límite do solo do núcleo rural.
4. Requirir á propietaria da leira número 12, polígono 18 , dona C.S.R, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (50 metros perimetrais ao solo de núcleo rural) e corta de arboredo (30 metros piñeiros, eucaliptos,acacias... e calquera outra das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril e 15 metros carballos, castiñeiros.... frondosas, todas elas especies sinaladas na disposición final primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia) a contar desde o límite do solo do núcleo rural.
5. Requirir os propietarios da leira número 13, polígono 18 , herdeiros de J.D.G, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (50 metros perimetrais ao solo de núcleo rural) e corta de arboredo (30 metros piñeiros, eucaliptos,acacias... e calquera outra das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril e 15 metros carballos, castiñeiros.... frondosas, todas elas especies sinaladas na disposición final primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia) a contar desde o límite do solo do núcleo rural.
6. Requirir os propietarios das leiras números 14 e 304, polígono 18 , herdeiros de N.L.M, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (50 metros perimetrais ao solo de núcleo rural) e corta de arboredo (30 metros piñeiros, eucaliptos,acacias... e calquera outra das especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril e 15 metros carballos, castiñeiros.... frondosas, todas elas especies sinaladas na disposición final primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia) a contar desde o límite do solo do núcleo rural.

7. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

8. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

7. Altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Altas no servizo de abastecemento

1-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI / CIF	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
A.M.G. xxxxx – 15882 – Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - 15882 Boqueixón	54,86 €	549,40 €

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

Esta alta de abastecemento é para unha vivenda.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 16/11/2017 e do 10/10/2017, respectivamente, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado

2-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI / CIF	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Ganadería Santa Eulalia, S.C. xxxx – 15881 – Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para unha explotación agrícola.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 9/10/2017 e do 16/11/2017, respectivamente, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado

3-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI / CIF	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
A.S.F.Souto, S.L. xxxxx – Vedra (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – 15881 – Boqueixón (A Coruña)	109,73 €	24,37 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

Esta alta de abastecemento é para un local comercial.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 19/10/2017, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado.

4-A.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI / CIF	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
V.R.M.P. xxxxx – 15881 – Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - 15881 Boqueixón	54,86 €	549,40 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

Esta alta de abastecemento é para unha vivenda.

O ingreso da taxa pola alta de abastecemento, así como o ingreso pola conexión á rede foron efectuados polo interesado nas arcas municipais, con data do 14/11/2017, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado

B) Altas en saneamento

1-B.- Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI / CIF	Enderezo inmoible	Taxa
A.S.F.Souto, S.L. xxxxx – Vedra (A Coruña)	xxxxx	xxxxx- 15881 Boqueixón (A Coruña)	109,73 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

Esta alta de saneamento é para un local comercial.

O ingreso da dita taxa de saneamento foi efectuada polo interesado nas arcas municipais, con data do 19/10/2017, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente.

2º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado.

2-B.- Cumprindo as condicións necesarias para poder ser beneficiario do servizo de saneamento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI / CIF	Enderezo inmoible	Taxa
J.C.R. xxxxx 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

Esta alta de saneamento é para unha vivenda.

2º- Aprobar a liquidación da taxa correspondente pola Alta do Servizo, por importe de 54,86 €, que deberá ser ingresada polo usuario nas arcas municipais, na seguinte conta bancaria, a nome do Concello de Boqueixón: xxxxx (Abanca – Lestedo).

3º.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado.

8. Modificación de recibos de auga do 2º e 3º trimestre 2017 a nome de don S.L.P. e reintegro ao mesmo de contía correspondente a un ingreso indebido

Antecedentes:

D. S.L.P, con DNI xxxxx figura como abonado 43001009 do servizo de abastecemento de auga municipal para a vivenda situada no lugar de Deseiro de Arriba, xxxxx, na parroquia de Sergude, dispoñendo a dita vivenda do contador nº 071499783.

Este abonado estima que o volume de auga que se detalla no recibo do 3º trimestre de 2017 non se corresponde co volume de auga consumido no dito trimestre, polo que se revisan os recibos emitidos no 2º e no 3º trimestres de 2017, a nome do interesado, comprobando que existe un erro na anotación da lectura correspondente a ditos trimestres.

Na facturación do 2º trimestre figura: “lectura anterior: 833 e lectura actual: 833”, cando debería figurar o seguinte: “lectura anterior: 833 e lectura actual: 883”. Polo tanto, o consumo deste 2º trimestre é de 50 m³, en vez de 0 m³, que figura no recibo emitido no seu momento e o importe total do recibo corresponde a 54,96€, en vez de 20,32€.

Todo isto implica que tamén exista un erro no recibo do 3º trimestre.

Na facturación do 3º trimestre figura: “lectura anterior: 833 e lectura actual: 923”, cando debería figurar o seguinte: “lectura anterior 883 e lectura actual 923”. Polo tanto, o consumo deste 3º trimestre é de 40 m³, en vez de 90 m³ que figuran no recibo emitido, e o importe total do recibo corresponde a 46,46€, en vez de 119,01€.

Tendo en conta o erro cometido por parte do concello, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a modificación do importe dos recibos emitidos no Padrón fiscal de subministración de auga do 2º trimestre de 2017 (recibo nº 500) e do 3º trimestre de 2017 (recibo nº 508), ámbolos dous a nome de S.L.P, cos seguintes importes:

Recibo nº 500 modificado do 2º trimestre 2017:

Lectura anterior: 833 – lectura actual: 883. Consumo: 50 m³.

Detalles de concepto	Tarifa	Cota	%IVE	Imp. IVE	Importe
Abastecemento auga	Doméstico	33,76	10%	3,38	37,14

Canon	T. Canon	15,02	0%	0,00	15,02
Mantemento acometida	Mantemento	2,31	21%	0,49	2,80
Total recibo					54,96

Recibo nº 508 modificado do 3º trimestre 2017:

Lectura anterior: 883 – lectura actual: 923. Consumo: 40 m³.

Detalles de concepto	Tarifa	Cota	%IVE	Imp. IVE	Importe
Abastecemento auga	Doméstico	29,40	10%	2,94	32,34
Canon	T. Canon	11,32	0%	0,00	11,32
Mantemento acometida	Mantemento	2,31	21%	0,49	2,80
Total recibo					46,46

2.- Reintegrar a D. S.L.P, con DNI xxxxx o importe de **37,91 €**, resultantes da diferenza entre o ingreso total realizado polo abonado, de 139,33 €, correspondente ós recibos do 2º e 3º trimestres de 2017 e o importe total dos mesmos recibos modificados de 101,42 € (139,33 – 101,42 = 37,91). O Concello efectuará o dito ingreso a nome do abonado na seguinte conta bancaria: xxxxx.

3.- Comunicarlle este acordo ao interesado.

9. Inicio expediente de reposición de legalidade urbanística dun muro realizado na aldea de Loureda

Antecedentes

1º.- Na sesión plenaria do 13 de setembro de 2017, o concelleiro D. X. C, expón que na aldea de Loureda hai un peche que parece non cumprir coas distancias mínimas ao eixe da pista municipal, e que non deixa cuneta polo que existe un risco de enchentas cando veñan as épocas chuviosas. Así mesmo, di que non ten constancia de se conta ou non con licenza municipal.

Pregunta o sr C. se o concello ten constancia da realización do peche, e en caso afirmativo, se cumpre coas distancias, e roga aos servizos de vías e obras que se interesen por esta obra.

2º.- Coa finalidade de efectuar a correspondente comprobación, o técnico auxiliar de urbanismo D. Juan Freiría , realiza visita de comprobación e emite o seguinte informe:

“Juan Manuel Freiría Brey, técnico auxiliar do departamento de urbanismo, con data do 19 de setembro de 2017, realízase visita de comprobación a aldea de Loureda, coa finalidade de identificar a construción dun peche de parcela, sobre unha finca identificada coa referencia catastral nº: 000300300NH44F0001BW, cuxa titularidade figura a nome de D. J.C.R, con DNI nº: xxxxx, veciño do lugar de Loureda, xxxxx, na parroquia de Loureda (15881 – Boqueixón – A Coruña).

No momento da visita de comprobación, non se encontra ningunha persoa no entorno da obra, nin materiais de obra, ou maquinaria, polo que parece estar finalizada. Procédese á realizar unha reportaxe fotográfica das obras executadas, así como a recoller as medidas de lonxitude, altura, e recuamento da aliñación sinalada no PXOM, para comprobar se as obras se axustan á legalidade urbanística vixente.

As obras realizadas consisten no seguinte:

Construción dun peche de parcela coas seguinte medicións, segundo os tramos executados e diferenciados polos quebres existentes, e unha parte executada sobre un muro existente.

Tramo1, fronte á vía pública: lonxitude, 14.30 m. – altura, 2.10 m.

Tramo 2, fronte á vía pública: lonxitude, 7.30 m – altura, 2.10 m.

Tramo 3, fronte a parcela lindeira: lonxitude, 3.80 – altura, 3.10 m.

Tramo 4, fronte a parcela lideira; sobre muro existente: lonxitude, 4.50 m. – altura, 0.80 m.

O peche está executado con material de “bloque de formigón” en cor gris, sen recebar nin pintar.

Analizada a situación do peche, cos datos existentes no concello, e verificada a normativa urbanística en vigor (o peche está emprazado en Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común), resulta o seguinte:

1º.-) Non consta ningunha solicitude de licenza, ou comunicación previa, a nome de D. J.C.R, para a execución do peche de parcela, polo que este concello non tiña constancia da execución das ditas obras.

2º.-) As obras executadas non cumpren coa normativa urbanística en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en base aos seguinte feitos:

.- Non cumpre coa altura máxima permitida da zona maciza:

- Fronte a vía pública:

Altura executada	Altura máxima permitida
2,10 metros	1,20 metros

- A lindeiros:

Altura executada	Altura máxima permitida

3,10 metros	2,00 metros
-------------	-------------

Normativa en vigor para a altura do peche no fronte da vía pública e no lindeiro, neste caso:

- Peche contra viarios públicos: admitirase unha **porción maciza**, preferiblemente de pedra prohibíndose a fábrica de ladrillo oco ou bloque de formigón **sen revestir**. A súa altura máxima será de **1,20 m.** sobre o perfil lonxitudinal da calzada, admitíndose sobre ela un pechamento diáfano ou vexetal ata completar a altura máxima permitida (2,50 m).
- Peches contra lindeiros: as características dos materiais serán as mesmas do apartado anterior, e a altura máxima da porción maciza non poderá superar os **2 metros**.

.- Recuamento ao eixe do camiño público existente:

O recuamento establecido no PXOM para este caso, será a **aliñación delimitada** no plano do Núcleo Rural de Loureda (09.05). Si ben o peche executado non cumpre co recuamento de 4 metros ao eixe do camiño público existente (neste caso danse 2 distancias diferenciadas de entre 3.65 e 4.00 metros, no fronte da vía pública), **o peche executado si se adapta sensiblemente á aliñación establecida no PXOM**, xa que coincide na súa execución coa aliñación das edificacións existentes. Este caso pode ser debido a que o trazado do camiño na realidade é relativamente diferente ao delimitado na cartografía do PXOM.

Na parte exterior do peche executado, quedou a vista unha parte maciza de formigón (o que parece parte dun piar, ou sustento de formigón dun estanque que había no lugar, e que deberá ser demolido, xa que ocupa parte da zona de dominio público. Deberase deixar a cuneta libre de obstáculos e restos producidos polas obras executadas.

3º.-) O concello de Boqueixón, con data do 23 de outubro de 2017, con rexistro de saída nº: 2017/00000001031, procedeu á paralización das ditas obras, e a dar un trámite de información previa, en base ao artigo 69.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas de do Procedemento Administrativo Común.

4º.-) Con data do 30 de outubro de 2017, por D. J.C.R, preséntase unha solicitude para que o técnico municipal competente, poida realizar o correspondente informe de inspección.

5º.-) Con data do 2 de novembro de 2017, está pendente que pola arquitecta municipal, se proceda á inspección das ditas obras, e se realice o informe técnico que corresponda, para o posterior inicio do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

Boqueixón, 3 de novembro de 2017”

3º.- Con data 26 de outubro de 2017, remíteselle a don J.C.R. a orde de inmediata paralización das obras.

Consideracións xurídicas e técnicas.

Primeira.- A lei do solo de Galicia Lei 2/2016 de 10 de febreiro, no artigo 152 establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo sen o título habilitante exixible ou sen axustarse ás condicións sinaladas nel, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade.

Segunda.- O regulamento da lei 2/2016 do solo de Galicia, no seu artigo 379, establece que o acordo de iniciación do procedemento de reposición da legalidade urbanística, deberá notificarse ás persoas interesadas, que disporán dun prazo de quince días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Tal como establece o artigo 381 do mesmo regulamento, instruído o procedemento e antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto ás persoas interesadas para que no prazo de quince días poidan alegar e presentar os documentos que estimen pertinentes.

No artigo 382 establece que instruído o expediente de reposición, adoptarse algún dos seguintes acordos:

- Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e o orden xurídico vulnerado a costa do interesado.
- A demolición das obras executadas
- No seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido

O procedemento deberá resolverse no prazo de un ano contado desde a data do acordo de iniciación e transcorrido o mesmo sen notificación da resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Terceira.- Con data 20 de novembro de 2017, a técnica municipal dona María del Carmen Novoa Sio, emite o seguinte informe:

“Quen asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación coa consulta realizada no Pleno Ordinario do Concello de Boqueixón, celebrado con data do 13 de setembro de 2017, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. ANTECEDENTES.

No Pleno Ordinario do Concello de Boqueixón, celebrado con data do 13 de setembro de 2017, realizouse a seguinte pregunta:

8.3. Sobre un peche realizado na aldea de Loureda.

Na pasada semana puidemos ver un peche realizado na aldea de Loureda, peche que parece que non cumpre coas distancias mínimas ao eixo da pista municipal e que non deixa cuneta, polo que existe un risco de enchentas cando veñan as épocas chuviosas.

Non temos tampouco constancia se este conta ou non con licenza municipal. E por iso polo que preguntamos:

- ¿Ten constancia o concello da realización deste peche?
- ¿En caso afirmativo, cumpre coas distancias marcadas no planeamento?
- Rogamos aos servizos de vías e obras que se interese por esta obra.

Con data do 23 de outubro de 2017, emitiuse comunicación a D. J.C.R, propietario segundo os datos catastrais, da finca na que se está a executar o peche, para a inmediata paralización das obras, á vista de que no Concello non consta comunicación previa, ou solicitude de licenza.

2. IDENTIFICACIÓN DA FINCA.

De acordo cos datos existentes no expediente, as actuacións executadas correspóndense cun muro de peche parcial, de 26m de lonxitude, realizado mediante fábrica de bloque de formigón estándar, sen revestir.

A finca na que se localizan as actuacións executadas localízase no núcleo rural de Loureda, parroquia de Loureda, e que se define segundo os seguintes datos catastrais:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA	SUPERFICIE
7	47	15012A007000470000EY	2.113m ²




DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE	
Referencia catastral	15012A007000470000EY  
Localización	Polígono 7 Parcela 47 COTO DE SANTOS. BOQUEIXON (A CORUÑA)
Clase	Rústico
Uso principal	Agrario

PARCELA CATASTRAL	
	Localización
	Polígono 7 Parcela 47 COTO DE SANTOS. BOQUEIXON (A CORUÑA)
	Superficie gráfica
	1.731 m²


CULTIVO			
Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m²
0	C- Labor o Labradío secoano	01	1.456

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE	
Referencia catastral	000300300NH44F0001BW  
Localización	LG LOUREDA 2 15881 BOQUEIXON (A CORUÑA)
Clase	Urbano
Uso principal	Residencial
Superficie construida (*)	261 m²
Año construcción	1975

PARCELA CATASTRAL	
	Parcela construida sin división horizontal
	Localización
	LG LOUREDA 2 BOQUEIXON (A CORUÑA)
	Superficie gráfica
	175 m²

CONSTRUCCIÓN						
Uso principal	Escalera	Planta	Puerta	Superficie m²	Tipo Reforma	Fecha Reforma
ALMACEN	1	00	A	75		
VIVIENDA	1	00	B	93	O Reforma total	2.013
VIVIENDA	1	01	A	93	O Reforma total	2.013

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE	
Referencia catastral	000300400NH44F0001YW  
Localización	LG LOUREDA 15881 BOQUEIXON (A CORUÑA)
Clase	Urbano
Uso principal	Residencial
Superficie construida (*)	133 m ²
Año construcción	1900

PARCELA CATASTRAL	
	Parcela construida sin división horizontal
	Localización LG LOUREDA BOQUEIXON (A CORUÑA)
	Superficie gráfica 133 m ²

CONSTRUCCIÓN						
Uso principal	Escalera	Planta	Puerta	Superficie m ²	Tipo Reforma	Fecha Reforma
VIVIENDA	E	00	01	97		
ALMACEN	E	00	02	36		

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE	
Referencia catastral	000301000NH44F0001PW  
Localización	LG LOUREDA 15881 BOQUEIXON (A CORUÑA)
Clase	Urbano
Uso principal	Industrial
Superficie construida (*)	55 m ²
Año construcción	1900

PARCELA CATASTRAL	
	Parcela construida sin división horizontal
	Localización LG LOUREDA BOQUEIXON (A CORUÑA)
	Superficie gráfica 55 m ²

CONSTRUCCIÓN						
Uso principal	Escalera	Planta	Puerta	Superficie m ²	Tipo Reforma	Fecha Reforma
ALMACEN	E	00	01	55		


3. NORMATIVA URBANÍSTICA.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG 32-17.02.2015, BOP 37-25.02.2015), ó abeiro da última redacción da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG); e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (en diante, RLSG).


De acordo co plano de clasificación C-04, e co plano de ordenación 09.05 do núcleo rural de Loureda, o solo no que se localiza a zona obxecto das actuacións executadas atópase clasificado polo PXOM como **solo de núcleo rural**, grao 2 (común).

Resulta de aplicación o punto 1.c) da Disposición transitoria primeira da LSG, sobre o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, que establece que “ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei”. En consecuencia, serán de aplicación os artigos do PXOM para a devandita clasificación.



CATÁLOGO ARQUITECTÓNICO		DOTACIÓNS		SISTEMA XERAL VIARIO		CLASIFICACIÓN DO SOLO	
CÓDIGO DE ELEMENTO ARQUITECTÓNICO		ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES		TIPO I - 1		TIPO I - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II - 1		TIPO II - 1	
		TIPO		TIPO II -			

Detalle do plano de clasificación C-04 do PXOM.



Detalle do plano 09.05 de ordenación do núcleo rural de Loureda.

O artigo 6.11.4 da Normativa do PXOM establece as seguintes condicións para a execución dos peches:

1. En solo urbano e de **núcleo rural**. Altura máxima: 2,50 metros sobre o perfil lonxitudinal da calzada. Tipo:

a) **Peches contra viarios públicos:** admitirase unha porción maciza, preferiblemente de pedra, prohibíndose a fábrica de ladrillo oco ou bloques estándar de formigón sen revestir. A súa altura máxima será de 1,20 m sobre o perfil lonxitudinal da calzada, admitíndose sobre ela un pechamento diáfano ou vexetal ata completar a altura máxima permitida.

Nas zonas clasificadas como Núcleo Rural Tradicional, estas alturas reduciranse a 1,00 para a parte maciza e 2,00 m para a altura total.

b) **Peches de lindeiros:** as características dos materiais serán as mesmas do apartado anterior e a altura máxima da porción maciza non poderá superar os 2 m.

2. En solo rústico: os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados.

Sobre a parte maciza poderá levantarse unha parte diáfana de material lixeiro, tipo malla. A altura total do peche, que pode incluír a parte maciza e a parte diáfana non superará os 2,5 m medidos sobre a rasante do terreo natural.

4. VISITA DE COMPROBACIÓN.

Con data do 9 de novembro de 2017, quen asina realizou visita ó lugar de Loureda, e comprobouse que se executou un muro parcial de peche de finca, mediante fábrica de bloque de formigón sen revestir.



O muro cumpre sensiblemente coa aliñación establecida no PXOM, excepto nunha pequena esquina que sobresaí do resto do muro, e que pertencía a unha antiga foxa de purín, e que deberase de eliminar.

Non obstante, o muro ten unha altura de 2,10m na zona lindeira coa vía pública, e de 3,10m na zona lindeira con outra parcela; en consecuencia, incumpre coas alturas permitidas polo PXOM, que son de 1,20m e 2,00m, respectivamente.

Asemade, a fábrica de bloque de formigón estándar sen revestir non está permitida polo PXOM, polo que deberá rematar o muro, mediante revestimento ou pintado en cores acordes co medio rural.

5. CONCLUSIÓN.

A vista da documentación incluída no expediente, compróbase que se realizaron actuacións sen o título habilitante, consistentes na construción dun muro de peche parcial de finca, que non cumpre coa normativa urbanística municipal nos seguintes aspectos:

- Altura: o muro ten unha altura de 2,10m na zona lindeira coa vía pública, e de 3,10m na zona lindeira con outra parcela; en consecuencia, incumpre coas alturas permitidas polo PXOM, que son de 1,20m e 2,10m, respectivamente.*
- O muro está sen rematar (revestimento e pintado), polo que non cumpre coas condicións estéticas establecidas no PXOM.*

Á vista do anterior, resulta de aplicación o artigo 152 da LSG e 376 do RLSG, para obras e usos sen título habilitante en curso de execución. Dado que xa se dispuxo a paralización das obras, deberase proceder a incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística, de acordo co procedemento indicado no artigo 379 e seguintes do RLSG.

Infórmase ós efectos oportunos.

Boqueixón, a 20 de novembro de 2017”

Por todo o cal, a Xunta de Goberno, acorda:

PRIMEIRO.- iniciar o procedemento de reposición da legalidade urbanística pola realización dun muro de peche parcial de 26 m de lonxitude na parcela número 47, do polígono 7, do núcleo rural de Loureda, referencia catastral, 15012A007000470000EY, propiedade de don J.C.R, polos seguintes motivos:

- Por carecer de licenza municipal.
- Por ter unha altura de 2,10 m. na zona lindeira coa vía pública, e de 3,10 m. na zona lindeira con outra parcela, e en consecuencia incumprindo coas alturas permitidas polo PXOM, que son de 1,20 m e 2,10 m, respectivamente.
- Por estar sen rematar (revestimento e pintado), polo que non cumpre coas condicións estéticas establecidas no PXOM.

SEGUNDO.- notificar este acordo a don J.C.R. e darlle un prazo de quince (15) días hábiles, para que poida examinar o expediente e formular e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

10. Dar conta das altas e baixas no Servizo de Axuda no Fogar

Dáse conta do informe da traballadora social de data 11 de xaneiro do 2017.

11. Aboamento subvención destinada ó desenvolvemento do “Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”

Con data 2 de febreiro de 2017 o Concello de Boqueixón asinou un convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia para o desenvolvemento do *“Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social”*, cuxo obxecto é a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas.

A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos e os custos que isto implica entre as persoas necesitadas do Concello de Boqueixón.

O pagamento da subvención, consistente en 2.300 €, farase, segundo sinala o punto V do convenio, *“O pagamento da subvención será nun único pago; efectivo previa presentación dunha pequena memoria especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior a cantidade concedida.*

Con data 2 de novembro de 2017 tivo lugar a entrada, a través do Rexistro Xeral do Concello, a seguinte documentación xustificativa da Fundación Amigos de Galicia:

- Breve memoria da actividade desenvolvida
- Conta xustificativa dos gastos e ingresos
- Fotocopia do CIF
- Certificados conforme a entidade atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Copia cotexada das facturas a efectos de xustificar o proxecto
- Certificado bancario do código de conta corrente
- Declaración responsable de publicidade da actividade

Polo exposto a Xunta de Goberno, acorda:

- Facer o pagamento da contía de 2.300 € á Fundación Amigos de Galicia.
- Dar conta ó departamento de Tesourería-Intervención

12. Bonificación na taxa do lixo

Acórdase conceder bonificación na taxa do lixo.

13. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de sesenta e oito mil oitocentos seis euros con corenta e dous céntimos, e serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2017:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	GSI – Vestiario para traballadores de obras e servizos – traxes de augas	1532.2104	228,61
2	Talleres Sánchez Rey SC –Arranxos varios en maquinaria limpeza de cunetas e parques	414.21300	1.681,88
3	Dielectro Industrial – Bomba dosificadora para servizo abastecemento planta Orto	161.22199	421,75
4	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	920.22103	3.246,60
5	Cogami – Recollida de papel e cartón + xestión do punto limpo mes de outubro	162.3.21200	942,57
6	Baygar, SL – 4 sinais de paso de peóns – sinalización vías públicas	151.21200	193,60
7	Ferreca, SA – Subministro de materiais para servizo abastecemento de auga	161.22199	85,70
8	Liquidación de gastos de J. Manuel Freiría Brey por desprazamento formación tramitación electrónica Sigem	920.23100	53,35
9	GSI – Botas para traballadores servizo de abastecemento	161.22104	76,69
10	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro Vilar por desprazamento asistencia xornada presuposto en Coruña	920.23100	55,25
11	Liquidación de gastos de Cristina Carbajales Nouriño por adquisición de tapas encadernar	920.22000	9,58
12	Piccadilly School of English, SL – Material para alumnos clases de inglés	334.22609	70,00
13	Grafideza, SL – Trípticos e carteis para Concurso de Tapas	432.22602	459,80
14	Maria del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación gardería mes de outubro	231.22105	262,51
15	Carnicería Charcutería A Poita Marela – Produtos de charcutería e carnicería para a gardería	231.22105	46,64
16	José M. Silva Fernández – Servizo de taxi recollida de alimentos en Camporrapado	231.480.00	39,60
17	Alumea, SL – Arranxo radiador secretaría e baño planta alta na casa do concello	920.21200	454,96
18	Liquidación de gastos de Rosario Iglesias por adquisición material para exposición de pintura	334.22609	22,08
19	Galicia Eventos y Ocio, SL – Servizo de monitorado para ocioteca	334.22609	106,48
20	Almacenes Redondo – Subministros materiais escolas unitarias de Camporrapado e Lestedo	320.22199	530,29
21	Almacenes Redondo - Materiais para reparación lavadoiro en Castro	151.21200	82,66
22	Atendo Calidade – Custo servizo dependencia mes de outubro	231.22799	32.686,36
23	Autocares Rias Baixas - Servizo autobús excursión ó Galipark	334.22300	250,00
24	Autocares Rias Baixas – Servizo autobús excursión ó Courel día 4 de novembro	334.22300	450,00
25	Atendo Calidade - Custo servizo libre concorrência mes de outubro	231.22799	2.024,02
26	Gas Natural Servicios SDG – Custo enerxía eléctrica mes de setembro – bombeo de Donas	161.22100	2.061,57
27	Gas Natural Servicios SDG – Custo enerxía eléctrica mes de setembro – ETAP Orto	161.22100	8.027,07
28	Liquidación de gastos de Adela Lamela Arteaga por asistencia a cursos de contratación TEdC e aplicativo Sicalwin	920.23100	93,40
29	Liquidación de gastos de Pilar Pazos por asistencia a xornadas formación Sigem	920.23100	54,85
30	Liquidación de gastos de Lourdes García Abeijón por certificación representante persoa xurídica - FNMT	920.22799	16,94
31	Extinfer Seguridad SL – Revisión de extintores e saídas emerxencia gardería	231.21200	300,08
32	Tourgalia Gestion SL – Guía turístico excursión ó Courel día 4 de novembro	334.22609	60,01
33	Tourgalia Gestion SL 54 menus servidos participantes excursión Courel	334.22699	810,00
34	Liquidación de gastos de Ricardo Romero por desprazamentos ximnasia maiores de 15	920.23100	454,00

	de maio ata 10 de outubro + preparación ruta maiores		
35	Mercería Ana B – 12 leguins negros para persoal gardería	231.22199	168,00
36	Arestora Consultores SL – Asistencia técnica avaliación e aprobación do plan de igualdade	231.22799	1.500,00
37	Liquidación de gastos de Elena Suárez Rodríguez – participación xornada licitación electrónica Deputación	920.23100	14,40
38	Remuñan y Amigo,CB - Escritura compra venda finca Pico Sacro	432.61100	186,38
39	Miguel Angel Tembra Outeiral – Xornadas micolóxicas Boqueixón 2017	334.22609	94,11
40	Compostelana de Gas 2011, SL – Cargas de gas pavillón Forte e vestiarios campo de fútbol	342.22102	291,25
41	Montaxes Electricos Fernández SL – Reposición punto de luz completo por siniestro vehículo – con cargo a seguro	151.21200	1.335,21
42	Almacenes Redondo – Materias para mantementos en servizo abastecemento, saneamento e urbanismo	161.21200 160.21200 151.21200	296,68
		Total	60.244,93

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
43	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión: ADSL + Fax do 18 de maio ó 17 de xuño	920.222.01	462,70
44	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión ADSL + fax do 18 de xullo ó 17 de agosto	920.22200	144,60
45	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión ADSL + fax do 18 de agosto ó 17 de setembro	920.22200	144,60
46	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión ADSL + fax do 18 de setembro ó 17 de outubro	920.22200	144,60
47	Vodafone- Servizo mensared do 15/10/2017 ó 14/11/2017	920.22200	14,54
48	Telefónica España, SAU – Aluguer equipo	920.22200	322,18
49	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica gardería municipal mes de outubro	920.22200	59,79
50	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica alarma mes de outubro	920.22200	41,90
51	Orange – Servizo telefonía fixo e móbil mes de xullo	920.22200	151,67
		Importe	1.486,58

Aprobación de facturas con cargo a subvencións

Rede Cultural Deputación

Ano 2017

Núm.	Proveedor	Importe
1	Redrum Producciones SL – Representación A nena que quería navegar o día 12 de novembro	2.178,00
	Total	2.178,00

Obradoiro de Emprego Boqueixón- Vedra 2017

Partida 241.22699

Núm.	Proveedor	Importe
1	Foga – Aluguer fotocopiadora – impresora mes de outubro	106,27
2	Fundación Laboral de la Construcción – Nivel básico de prevención en la construcción –	2.250,00

	curso	
3	Almacenes Redondo – Material vario de albanilería	30,43
4	Almacenes Redondo – Material vario para carpintería	165,72
5	Almacenes Redondo – Material vario para formación en construcción	680,75
6	Almacenes Redondo – Mesa de traballo para formación	688,79
7	Almacenes Redondo – Material vario construción	710,00
8	Compostela Digital, SL – Aluguer ordenadores mes de outubro	264,95
	Total	4.896,91

14. Aboamento do terceiro pago á empresa Vueling en relación co intercambio con Ibiza

O departamento de Xuventude e Voluntariado do concello de Boqueixón programou xunto co concello de Vedra un intercambio con Ibiza no verán 2017.

O primeiro pago levouse a cabo co acordo da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2017.

O segundo pago levouse a cabo co acordo da Xunta de Goberno do 18 de maio de 2017.

Agora procedese ao terceiro pago tal e como se establece una proposta inicial.

Para o voo do grupo que viaxará a Ibiza solicitouse a tarifa de grupo, a cal ascende a 2646,25€ IVE incluído.

As condicións do pagamento son:

1º pago 15% 396,94€

2º pago 43% 1.124,66 €

3º pago 43% 1.124,66 €

É necesario aboar o 3º pago o 43% do importe total (1.124,66 €)

Por outro lado débese ter en conta que no seu momento o citado importe de 2.646,25 € será asumido polos participantes.

Por todo o cal a Xunta de Goberno acorda

